



**ANEXO XIII**  
**MODELO DE PROGRAMACIÓN DE MÓDULOS PROFESIONAIS**

**1. Identificación da programación**

**Centro educativo**

| Código   | Centro         | Concello               | Ano académico |
|----------|----------------|------------------------|---------------|
| 15023466 | Lamas de Abade | Santiago de Compostela | 2025/2026     |

**Ciclo formativo**

| Código da familia profesional | Familia profesional | Código do ciclo formativo | Ciclo formativo                   | Grao                               | Réxime            |
|-------------------------------|---------------------|---------------------------|-----------------------------------|------------------------------------|-------------------|
| IMP                           | Imaxe persoal       | CSIMP02                   | Estilismo e dirección de peiteado | Ciclos formativos de grao superior | Réxime de adultos |

**Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (\*)**

| Código MP/UF | Nome                              | Curso     | Sesións semanais | Horas anuais | Sesións anuais |
|--------------|-----------------------------------|-----------|------------------|--------------|----------------|
| MP1075       | Empresa e iniciativa emprendedora | 2025/2026 | 2                | 53           | 63             |

(\*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

**Profesorado responsable**

|                                |                  |
|--------------------------------|------------------|
| Profesorado asignado ao módulo | ÁNGEL INSUA RIAL |
| Outro profesorado              |                  |

Estado: Pendente de supervisión departamento

## 2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

Esta Programación corresponde ao módulo de Empresa e Iniciativa Emprendedora, vai dirixida ao alumnado do ciclo formativo de grao superior de ESTILISMO E DIRECCIÓN DE PEITEADO na modalidade DUAL, pertencente a familia profesional de Imaxe persoal, que se desenvolve no IES Lamas de Abade de Santiago de Compostela no curso 2025-2026.

Este proxecto de FP dual desenvolverase en colaboración coas empresas; Bernardo Nogueira, Peluquería Mágica, Womζmenζs Hair, Mum salon hair spa, Peluquería a de Sandra, Mucha peluquería e benestar, Forján Peluqueros e Loida, no que se combinarán os procesos de ensino e aprendizaxe na empresa e no centro formativo.

## 3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

| U.D. | Título                                         | Descrición                                                                                                                                                                                    | Duración (sesións) | Peso (%) |
|------|------------------------------------------------|-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--------------------|----------|
| 1    | Formación en empresa.                          | Formación curricular que se adquirirá na empresa.                                                                                                                                             | 11                 | 20       |
| 2    | A iniciativa emprendedora.                     | O espírito emprendedor. O empresario e as novas tecnoloxías. Iniciativa e cultura emprendedoras.                                                                                              | 7                  | 20       |
| 3    | A empresa e a súa organización.                | Qué é unha empresa. Que hai arredor da empresa. A cultura empresarial. Cómo inflúe a empresa no seu contorno. Relación da empresa co mercado. A produción e a venda.                          | 15                 | 20       |
| 4    | Creación e posta en marcha dunha empresa.      | O plan de empresa. Organismos de apoio a emprendedores. Tipos, características, vantaxes e desvantaxes das distintas formas xurídicas. Trámites administrativos para constituir unha empresa. | 15                 | 20       |
| 5    | A financiación e administración dunha empresa. | A información contable e o seu análise. Viabilidade do proxecto. Documentos administrativos da empresa. Obrigas fiscais da empresa.                                                           | 15                 | 20       |

## 4. Por cada unidade didáctica

### 4.1.a) Identificación da unidade didáctica

| N.º | Título da UD          | Duración |
|-----|-----------------------|----------|
| 1   | Formación en empresa. | 11       |

### 4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

| Resultado de aprendizaxe do currículo                                                                                                                                                                                                                            | Completo |
|------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|----------|
| RA2 - Decide a oportunidade de creación dunha pequena empresa para o desenvolvemento da idea emprendedora, tras a análise da relación entre a empresa e o contorno, do proceso produtivo, da organización dos recursos humanos e dos valores culturais e éticos. | NO       |



**4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

| Criterios de avaliación                                                                                                                                                                                                              |
|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| CA2.1 Valorouse a importancia das pequenas e medianas empresas no tecido empresarial galego.                                                                                                                                         |
| CA2.2 Analizouse o impacto ambiental da actividade empresarial e a necesidade de introducir criterios de sustentabilidade nos principios de actuación das empresas.                                                                  |
| CA2.3 Identificáronse os principais compoñentes do contorno xeral que rodea a empresa e, en especial, nos aspectos tecnolóxico, económico, social, ambiental, demográfico e cultural.                                                |
| CA2.4 Apreciouse a influencia na actividade empresarial das relacións coa clientela, con provedores, coas administracións públicas, coas entidades financeiras e coa competencia como principais integrantes do contorno específico. |

**4.1.e) Contidos**

| Contidos                                                                                                                                                                       |
|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| Análise do contorno xeral dunha pequena ou mediana empresa de estilismo e peiteado: aspectos tecnolóxico, económico, social, ambiental, demográfico e cultural.                |
| Análise do contorno específico dunha pequena ou mediana empresa de estilismo e peiteado: clientela, provedores, administracións públicas, entidades financeiras e competencia. |

**4.2.a) Identificación da unidade didáctica**

| N.º | Título da UD               | Duración |
|-----|----------------------------|----------|
| 2   | A iniciativa emprendedora. | 7        |

**4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

| Resultado de aprendizaxe do currículo                                                                                                                                    | Completo |
|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|----------|
| RA1 - Desenvolve o seu espírito emprendedor identificando as capacidades asociadas a el e definindo ideas emprendedoras caracterizadas pola innovación e a creatividade. | SI       |



#### **4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

| Criterios de avaliación                                                                                                                                                                               |
|-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| CA1.1 Identificouse o concepto de innovación e a súa relación co progreso da sociedade e o aumento no benestar dos individuos.                                                                        |
| CA1.2 Analizouse o concepto de cultura emprendedora e a súa importancia como dinamizador do mercado laboral e fonte de benestar social.                                                               |
| CA1.3 Valorouse a importancia da iniciativa individual, a creatividade, a formación, a responsabilidade e a colaboración como requisitos indispensables para ter éxito na actividade emprendedora.    |
| CA1.4 Analizáronse as características das actividades emprendedoras no sector do estilismo e do peiteado.                                                                                             |
| CA1.5 Valorouse o concepto de risco como elemento inevitable de toda actividade emprendedora.                                                                                                         |
| CA1.6 Valoráronse ideas emprendedoras caracterizadas pola innovación, pola creatividade e pola súa factibilidade.                                                                                     |
| CA1.7 Decidiuse a partir das ideas emprendedoras unha determinada idea de negocio do ámbito do estilismo e do peiteado, que ha servir de punto de partida para a elaboración do proxecto empresarial. |
| CA1.8 Analizouse a estrutura dun proxecto empresarial e valorouse a súa importancia como paso previo á creación dunha pequena empresa.                                                                |

#### **4.2.e) Contidos**

| Contidos                                                                                                                                                                         |
|----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| Innovación e desenvolvemento económico. Principais características da innovación na actividade de estilismo e peiteado (materiais, tecnoloxía, organización da produción, etc.). |
| A cultura emprendedora na Unión Europea, en España e en Galicia.                                                                                                                 |
| Factores clave das persoas emprendedoras: iniciativa, creatividade, formación, responsabilidade e colaboración.                                                                  |
| A actuación das persoas emprendedoras no sector do estilismo e do peiteado.                                                                                                      |
| O risco como factor inherente á actividade emprendedora.                                                                                                                         |
| Valoración do traballo por conta propia como fonte de realización persoal e social.                                                                                              |
| Ideas emprendedoras: fontes de ideas, maduración e avaliación destas.                                                                                                            |
| Proxecto empresarial: importancia e utilidade, estrutura e aplicación no ámbito de estilismo e peiteado.                                                                         |



#### 4.3.a) Identificación da unidade didáctica

| N.º | Título da UD                    | Duración |
|-----|---------------------------------|----------|
| 3   | A empresa e a súa organización. | 15       |

#### 4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

| Resultado de aprendizaxe do currículo                                                                                                                                                                                                                            | Completo |
|------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|----------|
| RA2 - Decide a oportunidade de creación dunha pequena empresa para o desenvolvemento da idea emprendedora, tras a análise da relación entre a empresa e o contorno, do proceso produtivo, da organización dos recursos humanos e dos valores culturais e éticos. | NO       |

#### 4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

| Criterios de avaliación                                                                                                                                                                                                        |
|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| CA2.5 Determináronse os elementos do contorno xeral e específico dunha pequena ou mediana empresa de estilismo e peiteado en función da súa posible localización.                                                              |
| CA2.6 Analizouse o fenómeno da responsabilidade social das empresas e a súa importancia como un elemento da estratexia empresarial.                                                                                            |
| CA2.7 Valorouse a importancia do balance social dunha empresa relacionada co estilismo e co peiteado e describíronse os principais custos sociais en que incorren estas empresas, así como os beneficios sociais que producen. |
| CA2.8 Identificáronse, en empresas de estilismo e peiteado, prácticas que incorporen valores éticos e sociais.                                                                                                                 |
| CA2.9 Definíronse os obxectivos empresariais incorporando valores éticos e sociais.                                                                                                                                            |
| CA2.10 Analizáronse os conceptos de cultura empresarial, e de comunicación e imaxe corporativas, así como a súa relación cos obxectivos empresariais.                                                                          |
| CA2.11 Describíronse as actividades e os procesos básicos que se realizan nunha empresa de estilismo e peiteado, e delimitáronse as relacións de coordinación e dependencia dentro do sistema empresarial.                     |
| CA2.12 Elaborouse un plan de empresa que inclúa a idea de negocio, a localización, a organización do proceso produtivo e dos recursos necesarios, a responsabilidade social e o plan de marketing.                             |

#### 4.3.e) Contidos

| Contidos                                                     |
|--------------------------------------------------------------|
| A empresa como sistema: concepto, funcións e clasificacións. |



| Contidos                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                  |
|-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| <p>Localización da empresa.</p> <p>A persoa empresaria. Requisitos para o exercicio da actividade empresarial.</p> <p>Responsabilidade social da empresa e compromiso co desenvolvemento sustentable.</p> <p>Cultura empresarial, e comunicación e imaxe corporativas.</p> <p>Actividades e procesos básicos na empresa. Organización dos recursos dispoñibles. Externalización de actividades da empresa.</p> <p>Descrición dos elementos e estratexias do plan de produción e do plan de márketing.</p> |

#### **4.4.a) Identificación da unidade didáctica**

| N.º | Título da UD                              | Duración |
|-----|-------------------------------------------|----------|
| 4   | Creación e posta en marcha dunha empresa. | 15       |

#### **4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

| Resultado de aprendizaxe do currículo                                                                                                    | Completo |
|------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|----------|
| RA3 - Selecciona a forma xurídica tendo en conta as implicacións legais asociadas e o proceso para a súa constitución e posta en marcha. | SI       |

#### **4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

| Criterios de avaliación                                                                                                                           |
|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| CA3.1 Analizouse o concepto de persoa empresaria, así como os requisitos que cómpren para desenvolver a actividade empresarial.                   |
| CA3.2 Analizáronse as formas xurídicas da empresa e determinándose as vantaxes e as desvantaxes de cada unha en relación coa súa idea de negocio. |
| CA3.3 Valorouse a importancia das empresas de economía social no sector do estilismo e do peiteado.                                               |
| CA3.4 Especificouse o grao de responsabilidade legal das persoas propietarias da empresa en función da forma xurídica elixida.                    |
| CA3.5 Diferenciouse o tratamento fiscal establecido para cada forma xurídica de empresa.                                                          |



| Criterios de avaliación                                                                                                                             |
|-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| CA3.6 Identifícaronse os trámites esixidos pola lexislación para a constitución dunha pequena ou mediana empresa en función da súa forma xurídica.  |
| CA3.7 Identifícaronse as vías de asesoramento e xestión administrativa externas á hora de pór en marcha unha pequena ou mediana empresa.            |
| CA3.8 Analizáronse as axudas e subvencións para a creación e posta en marcha de empresas de estilismo e peiteado tendo en conta a súa localización. |
| CA3.9 Incluíuse no plan de empresa información relativa á elección da forma xurídica, os trámites administrativos, as axudas e as subvencións.      |

#### **4.4.e) Contidos**

| Contidos                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                              |
|-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| <p>Formas xurídicas das empresas.</p> <p>Responsabilidade legal do empresariado.</p> <p>A fiscalidade da empresa como variable para a elección da forma xurídica.</p> <p>Proceso administrativo de constitución e posta en marcha dunha empresa.</p> <p>Vías de asesoramento para a elaboración dun proxecto empresarial e para a posta en marcha da empresa.</p> <p>Axudas e subvencións para a creación dunha empresa de estilismo e peiteado.</p> <p>Plan de empresa: elección da forma xurídica, trámites administrativos, e xestión de axudas e subvencións.</p> |

#### **4.5.a) Identificación da unidade didáctica**

| N.º | Título da UD                                   | Duración |
|-----|------------------------------------------------|----------|
| 5   | A financiación e administración dunha empresa. | 15       |

#### **4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

| Resultado de aprendizaxe do currículo                                                                                                                                                        | Completo |
|----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|----------|
| RA4 - Realiza actividades de xestión administrativa e financeira básica dunha pequena ou mediana empresa, identifica as principais obrigas contables e fiscais, e formaliza a documentación. | SI       |



#### **4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

| Criterios de avaliación                                                                                                                                                                                                                                                 |
|-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| CA4.1 Analizáronse os conceptos básicos de contabilidade, así como as técnicas de rexistro da información contable: activo, pasivo, patrimonio neto, ingresos, gastos e contas anuais.                                                                                  |
| CA4.2 Descríbironse as técnicas básicas de análise da información contable, en especial no referente ao equilibrio da estrutura financeira e á solvencia, á liquidez e á rendibilidade da empresa.                                                                      |
| CA4.3 Definíronse as obrigas fiscais (declaración censual, IAE, liquidacións trimestrais, resumes anuais, etc.) dunha pequena e dunha mediana empresa relacionada co estilismo e co peiteado, e diferenciáronse os tipos de impostos no calendario fiscal (liquidación) |
| CA4.4 Formalizouse con corrección, mediante procesos informáticos, a documentación básica de carácter comercial e contable (notas de pedido, albarás, facturas, recibos, cheques, obrigas de pagamento e letras de cambio) para unha pequena e unha mediana empresa d   |
| CA4.5 Elaborouse o plan financeiro e analizouse a viabilidade económica e financeira do proxecto empresarial.                                                                                                                                                           |

#### **4.5.e) Contidos**

| Contidos                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                             |
|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| <p>Análise das necesidades de investimento e das fontes de financiamento dunha pequena e dunha mediana empresa no sector do estilismo e do peiteado.</p> <p>Concepto e nocións básicas de contabilidade: activo, pasivo, patrimonio neto, ingresos, gastos e contas anuais.</p> <p>Análise da información contable: equilibrio da estrutura financeira e razóns financeiras de solvencia, liquidez e rendibilidade da empresa.</p> <p>Plan financeiro: estudo da viabilidade económica e financeira.</p> <p>Obrigas fiscais dunha pequena e dunha mediana empresa.</p> <p>Ciclo de xestión administrativa nunha empresa de estilismo e peiteado: documentos administrativos e documentos de pagamento.</p> <p>Coidado na elaboración da documentación administrativo-financeira.</p> |

#### **5. Mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación**

|                                                                               |
|-------------------------------------------------------------------------------|
| <p>Avaliaremos sobre a Unidade Didáctica a cal valoraremos con 10 puntos.</p> |
|-------------------------------------------------------------------------------|





A cada un dos criterios de avaliación aplicaremoslle un instrumento de avaliación coa súa porcentaxe correspondente.

Cada alumno/a debe obter un mínimo de 5 puntos en todas e cada unha das unidades para considerar que cumpre o mínimo esixible para superar todos os resultados de aprendizaxe.

No primeiro trimestre avaliamos as unidades 2 e 3.

No segundo trimestre avaliamos as unidades 4 e 5.

Unha vez rematadas as prácticas na empresa, avaliaremos a unidade 1.

Como debemos poñer notas por trimestres faremos o cálculo da media de cada unidade pero o resultado final do módulo será calculado pola ponderación do peso de cada unha das unidades.

O resultado final do módulo será calculado coa ponderación que amosamos a continuación en cada unha das unidades didácticas:

|     |     |     |     |     |
|-----|-----|-----|-----|-----|
| UD1 | UD2 | UD3 | UD4 | UD5 |
| 20% | 20% | 20% | 20% | 20% |

Para a superación de cada unha das unidades o alumnado disporá dos seguintes instrumentos de avaliación:

1. Probas escritas que poderán presentar preguntas tipo TEST (poden restar), preguntas curtas ou resolución de problemas. Suporán un 50% da nota.
2. Listas de cotexo que se aplicarán para a elaboración dun proxecto de empresa. Suporán un 50% da nota.
3. A unidade didáctica 1 correspondente as prácticas na empresa avaliamola con Taboa de Observación.

En cada un dos instrumentos de avaliación, o alumnado debe obter un mínimo dun 40% para poder facer a media e superar a unidade.

A nota final de cada unidade didáctica, unha vez calculada a ponderación, arredondearase da seguinte maneira:

1. Si temos un decimal X,49 ou inferior; o resultado será o número inferior.
2. Si temos un decimal X,50 ou superior; o resultado será o número superior.



Recordamos que para superar a unidade hai que sacar un 5 como mínimo.

## 6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

### 6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

Como redactamos no apartado anterior, o alumando debe superar cada unha das unidades didácticas para dar por superado o resultado de aprendizaxe.

Faremos actividades de recuperación despois de cada avaliación trimestral utilizando os mesmos instrumentos de avaliación especificados no apartado anterior.

Unha vez feita a recuperación do segundo trimestre, o alumando ten unha última posibilidade de recuperar as unidades pendentes (de todo o curso) na convocatoria extraordinaria de XUÑO.

### 6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

Na modalidade Dual non se contempla a posibilidade de perda do dereito a avaliación continua, pero, segundo se reflicte no apartado 8 das Normas de Organización e de Funcionamento (NOF) do IES Lamas de Abade, si existe a posibilidade de que o alumnado sexa excluído de FP Dual, e a exclusión do proxecto de dual implica unha baixa de oficio no ciclo. Inicialmente o alumnado implicado recibirá un apercibimento de exclusión, e se persiste a non asistencia ás clases ou á empresa iniciárase o procedemento de exclusión.

Segundo Resolución do 1 de xullo de 2025, da Dirección Xeral de Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de formación profesional do sistema educativo no curso 2025/26, a exclusión de FP Dual poderá producirse:

- Durante o período de formación no centro educativo, de acordo coas normas de organización, funcionamento e convivencia aprobadas polo centro docente, por faltas repetidas de asistencia e/ou puntualidade non xustificadas que poidan derivar nunha falta de aproveitamento das ensinanzas tanto no centro educativo como, posteriormente, na empresa. Segundo as NOF do centro, para a exclusión proposta polo equipo docente teranse en conta as seguintes consideracións:

- Falta repetidas de asistencia, puntualidade ou ambas non xustificadas.

- Falta de adquisición dos resultados de aprendizaxe necesarios para o aproveitamento das ensinanzas avaliados a través dos criterios de avaliación correspondentes.

- Actitude incorrecta na aula, atendendo as normas de convivencia que figuran nas NOF do centro.



- Durante o período de formación na empresa:
- Por faltas repetidas de asistencia e/ou puntualidade non xustificadas.
- Por actitude incorrecta, atendendo ao código disciplinario da empresa, ou por falta de aproveitamento.
- Para o alumnado con contrato para a formación en alternancia, pola extinción do contrato por calquera das causas que se establecen no artigo 49 do Estatuto dos traballadores, aprobado polo Real decreto 2/2015, do 23 de outubro.
- Outras circunstancias que figuren no convenio subscrito entre a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e a entidade colaboradora correspondente.

A exclusión do proxecto de dual realizarase da seguinte maneira:

1º. O equipo docente valorará enviar o apercibimento de exclusión a aquel alumnado que non cumpre coas NOF do centro e presenta as seguintes faltas:

- 15% ou máis faltas xustificadas en máis da metade dos módulos.
- 10 días completos continuos ou descontinuos de faltas de asistencia.
- Outros criterios: non superación de probas escritas, non superación de probas prácticas, non entrega de tarefas e/ou actividades propostas pola docente,...

2º. Enviarase a comunicación de exclusión a aquel alumnado que:

- Segue aumentando o número de faltas en máis da metade dos módulos, a pesar do aviso mediante o apercibimento.
- A maioría das faltas non están xustificadas.
- Falta 15 días completos continuos ou 25 completos descontinuos (artigo 10 da orde do 12 de xullo de 2011).



Para os efectos de valoración das faltas xustificadas, e segundo se indica na Orde do 12 de xullo de 2011, o profesorado do equipo docente valorará as circunstancias persoais e laborais do alumnado afectado na xustificación desas faltas, tomando como referencia o establecido no correspondente regulamento de réxime interior do centro (NOF).

O alumnado terá en conta que, a ausencia continuada das aulas, con e sen xustificación, suporá a non realización ou entrega de tarefas e actividades (prácticas e teóricas) realizadas nas mesmas, o que se traducirá nunha falta de puntuación que pode afectar á posibilidade de obter una cualificación positiva.

## 7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

O profesor, ó finalizar cada un dos trimestres, deberá cumprimentar na plataforma de programación o seguimento.

Da mesma forma entregará, na reunión mensual do ciclo, a folia do seguimento da programación na que se reflexen as distintas observacións, incidencias, decisións adoptadas para correxir as incidencias e propostas de mellora. Deberá figurar no informe o grado de cumprimento da programación. Igualmente o finalizar o curso elaborará unha Memoria final na que se reflexen os distintos resultados obtidos, as incidencias, as propostas de mellora e o grado de cumprimento da programación.

Trimestralmente o profesor solicitará unha valoración ós alumnos sobre a adecuación das ensinanzas recibidas e o seu nivel de satisfacción.

## 8. Medidas de atención á diversidade

### 8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

Ó comezo do curso, o equipo docente do Ciclo realizará unha sesión de avaliación inicial do alumnado, que terá como obxecto coñecer as características e a formación previa de cada alumno/a, así como as súas capacidades. Nesta sesión o titor dará a información dispoñible sobre as características xerais do grupo e sobre as circunstancias especificamente académicas ou persoais, con incidencia educativa.

O tratado na sesión de avaliación inicial e os acordos que adopte o equipo docente nela recolleranse nunha acta, da cal se entregará copia na xefatura de estudos. Esta avaliación inicial en ningún caso comportará cualificación para o alumnado.

Xa na clase faremos unha avaliación inicial da observación do alumnado e as actividades realizadas nas primeiras semanas do curso para coñecer de primeira man as capacidades de comprensión matemática, lectura e comentario de textos, e coñecementos sobre cada un dos contidos da unidade coa que vamos a empezar a traballar. Cada vez que comencemos unha nova unidade avaliaremos o coñecementos previos sobre os contidos que vamos a impartir.



## **8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados**

Este tipo de alumnado precisa máis que adaptacións curriculares a posibilidade de poñer en práctica unha programación aberta e flexible en termos metodolóxicos e temporais.

Metodolóxicos porque precisamos atender de forma individualizada e persoal a este tipo de alumnado e temporais porque é preciso que a aquel alumnado que non adquire as capacidades no período temporal fixado poida ao longo do curso de forma flexible efectuar actividades de recuperación oportunas.

Para conseguir estas finalidades imos a traballar do seguinte xeito:

- A utilización de novas tecnoloxías e o uso do traballo en equipo favorecerá a normalización e inclusión do devandito alumnado, ademais de facilitar a socialización e autonomía.
- Facilitar a aprendizaxe significativa a través da relación que se trata de establecer entre os contidos e o seu ámbito máis próximo.
- Diminuímos a importancia das probas de carácter memorístico, xa que damos a mesma importancia ás tarefas prácticas de clase.
- No período de recuperación o alumno pode volver realizar tarefas similares ás realizadas inicialmente, ben a través de Internet ou ben mediante a súa entrega ao profesor.
- Utilización dun libro de texto como guía, que supón facilitar tarefas ao alumno dunha forma organizada e accesible. O libro de texto recomendado incorpora un innumerable número de tarefas, de distintos niveis de dificultade que facilita a realización de itinerarios individuais se fose necesario.
- Así, a nosa programación será aberta e flexible para atender á diversidade do alumnado dado o caso. As tarefas da clase deben atender principalmente ao traballo en equipo e a axuda recíproca entre o alumnado. O diálogo profesor/alumnado debe ser continuo para facilitar a adaptación de determinadas tarefas ao nivel de coñecementos de cada alumno/a.

Dentro da formación dos grupos procurarase que estes sexan heteroxéneos para fomentar a axuda mutua. Enténdese que coas medidas de reforzo educativo, adaptación de métodos e medios debería ser suficiente para este tipo de alumnado.

## **9. Aspectos transversais**

### **9.a) Programación da educación en valores**

Na programación da educación en valores tratataremos os seguintes temas:



Responsabilidade e Compromiso Profesional.

Empatía e Resolución de Conflictos no Ámbito Laboral.

Comunicación Asertiva e Respeto no Entorno Laboral.

Traballo en Equipo e Colaboración.

#### **9.b) Actividades complementarias e extraescolares**

As actividades complementarias e extraescolares serán programadas dacordo co departamento de FOL e en consenso co Instituto.

En todo momento seremos flexibles en coordinación co equipo docente de cada Ciclo Formativo para non interrromper a marcha do curso.

#### **10.Outros apartados**

##### **10.1) LIBRO DE TEXTO**

O libro de texto recomendado para seguimento e realización de tarefas será o da editorial TU LIBRO DE FP.